



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Sergio Santos del Riego, Nuria Varela Feal, José Manuel Sobrino Heredia, Francisco Alonso Tajés, Sonia Rodríguez Beltrán, Ignasi Colominas Ezponda, Fernando Agrasar e María Jesús Lorenzo Modia, así como a representante do PAS Carmen Barreiro Daponte.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** comeza informando da realización, o pasado día 25 de abril, da CRUE e Consejo de Universidades en Madrid. Nel informouse desfavorablemente, de novo, o Real decreto de bolsas, case por unanimidade (só votou favorablemente o reitor da UIMP). A CRUE aprobou a lectura conxunta dun comunicado en todas as universidades o día 30 ás 12:00 h, sobre a necesidade de financiar axeitadamente as universidades, mellorar a política de bolsas, e retirar as medidas tan drásticas adoptadas polo Real decreto-lei 14/2012 e pola Lei xeral de orzamentos do Estado (taxa de reposición). Ao remate deste Consello de Goberno, están convocados os medios para a dita lectura, á cal o reitor invita a todos os membros do Consello que o estimen oportuno.

Así mesmo, o reitor informa da sinatura, o pasado día 11 de abril en Vigo, do protocolo *Iacobus* entre a Xunta de Galicia, as universidades galegas e as universidades e politécnicos do norte de Portugal. Trátase dun convenio de mobilidade de estudantes e profesorado. O pasado 21 de abril asinou en Compostela o convenio de colaboración *TransformaTIC*, entre a Xunta e os centros tecnolóxicos das universidades e as empresas do clúster do sector, para estimular a investigación e transferencia neste ámbito.

Tamén dá conta da realización da Comisión de Coordinación da Docencia Clínica do SUG do pasado día 22 de abril, en que se aprobaron os límites



de prazas das titulacións sanitarias, fundamentalmente de Medicina, manténdose a mesma oferta de prazas do ano pasado.

O reitor informa da reincorporación de Xosé Portela ao Consello de Goberno, unha vez elixido como presidente do Comité de Empresa do PAS laboral. O reitor propón que se integre nas comisións delegadas de Asuntos Económicos e Extensión Universitaria, en representación do PAS laboral.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da publicación da convocatoria de axudas para proxectos desenvolvidos por investigadores emerxentes da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, da publicación da convocatoria de axudas UDC-Inditex para estadias internacionais de estudantes de doutoramento, así como da inminente publicación das convocatorias de consolidación da Xunta de Galicia. O vice-reitor tamén dá conta da constitución dun grupo de traballo composto pola Secretaría Xeral de Universidades e as tres universidades galegas que ten como cometido elaborar unhas bases para a futura convocatoria de centros de investigación singulares da Xunta de Galicia. O vice-reitor informa da publicación no DOUE das licitacións asociadas ao proxecto A-TEMPO, así como dos avances na constitución do Consorcio LifeKIC para optar á convocatoria Knowledge and Innovation Communities do European Institute of Innovation and Technology. Tamén se dá conta das reunións realizadas en Bruxelas con diversos representantes da DG Research, a DG Connect, o European Research Council, a SOST e a oficina do CSIC en Bruxelas. O vice-reitor tamén informa das previsións de próximas convocatorias da GAIN relativas a unidades mixtas de investigación e proba de concepto.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa, en primeiro lugar, de que xa está elaborada a normativa académica de 2014-2015 e, unha vez informada polo Consello de Goberno, será achegada ás administracións dos centros para a formación dos e das xestores. Nesta versión refúndense todas as modificacións introducidas no último curso por instancia do Consello de Goberno. Tamén informa do envío dun escrito do MECD sobre a inclusión de modificacións no título de Enxeñaría Náutica como consecuencia da STS do 13 de decembro de 2013.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que, desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9ª.2 do Orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 245 849,64 € euros nos expedientes V-



0011-11, V-0012-14, V-0013-14, V-0014-14 e V-0015-14, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno nas súa sesión do 09/04 validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 1 258 155,48 € no expediente C-0005-14.

A **vice-reitora de Estudantes, Deportes e Cultura** informa da celebración un ano máis do FITEUC con 19 representacións e un número aproximado de 1 100 espectadores. Do 11 ao 13 de abril, Normal acolleu o 14 Encontro Europeo de Medios Comunitarios, cun centenar de representantes destes medios de todos os países europeos.

O pasado venres, día 25, iniciouse o novo proxecto de intervención na Normal “*Ninonino*” que nace co principal obxectivo de dar a coñecer a incipiente e xa bastante recoñecida nova xeración de músicos galegos. Durante catro sesións, oito músicos galegos de diferentes estilos presentarán as súas cancións mentres varios debuxantes resumen cada xornada coas súas viñetas. Salienta que o sábado 10 pola mañá haberá un obradoiro familiar en torno aos sons da cidade e o debuxo. Está aberto a todos os públicos.

Informa tamén da celebración entre o 4 e o 7 de abril da XXV Olimpíada de España de Física en que participaron 140 alumnos e aproveita para agradecer a colaboración da Xunta de Galicia, do Concello da Coruña e da Deputación da Coruña que fixeron posible a celebración deste evento na nosa universidade.

Entre o 7 e 11 de abril tiveron lugar as Xornadas de Orientación Universitarias e Profesionais no CUR, en colaboración co Concello da Coruña e na súa XXII edición. Sempre no eido da difusión dos títulos informa de que o día 23 de abril tivo lugar a IV Xornada de Orientación que tivo por eixe central o tema da empregabilidade e reuniu cerca de corenta orientadores.

Canto ao deporte, a vice-reitora salienta a creación do Club Universitario de Golf e do desenvolvemento da liga universitaria de gol. Así mesmo, informa dunha nova liña de colaboración coas federacións deportivas, en particular coa de fútbol e balonmán para impartir o curso de técnico deportivo. Este curso vai destinado esencialmente ao alumnado da Facultade de Ciencias do Deporte e da Actividade Física, mais tamén a calquera outra facultade ou persoa asociada ao deporte. Houbo nesta primeira edición 200 inscritos.



A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que, co fin de realizar as accións previstas no I Plan de igualdade entre mulleres e homes da UDC, aprobado por este Consello de Goberno o pasado mes de novembro, se creou unha Aula de Formación para a Igualdade de Xénero (AFIX) dirixida a toda a comunidade universitaria: PDI, PAS e estudantes. Esta aula iniciou a súa actividade cun curso sobre “Políticas de igualdade e violencia de xénero”, xa rematado. A vice-reitora salienta a nosa satisfacción coa acollida deste curso que motivou a realización dunha segunda edición que xa está en marcha, en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, dirixida neste caso a estudantes.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa dos seguintes asuntos. En primeiro lugar, da publicación da segunda convocatoria de prazas de mobilidade internacional para estudantes para o curso 2014/2015: Erasmus+, Bilateral e NILS, coa oferta das prazas que quedaron vacantes na convocatoria inicial.

De inminente publicación son as convocatorias, propias da UDC, de bolsas para alumnos iberoamericanos para facer mestrados na UDC e a de axudas á internacionalización. Respecto desta última, este ano, e como novidade, incorpórase ás accións 1 (axuda para a participación en proxectos internacionais) e 2 (axudas para implantación de duplas titulacións) unha nova (a acción 3), destinada a mellorar a calidade dos programas de docencia en inglés que se veñen implementando nas diferentes titulacións. Tamén se informa de que é inminente a convocatoria da Xunta de Galicia, das subvencións para realizar proxectos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Infórmase tamén de que os días 12 a 16 de maio de 2014 terá lugar a 1.^a International Staff Week da UDC, en que acollen as estadias do persoal de oficinas de relación internacionais e outros servizos de apoio relacionados coa cooperación internacional, os programas de intercambio e os proxectos europeos na nosa universidade.

Asemade, esta vicerreitoría está coa promoción internacional e dentro da UDC da International Summer School, que ofrece cursos intensivos de tres semanas impartidos por profesores universitarios de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos de investigación. Os cursos serán en inglés, cun valor académico de 6 créditos ECTS cada un, podendo ser recoñecidos por cursos opcionais específicos nalgúns títulos oficiais acreditados de grao



ou mestrado da Universidade da Coruña. Ata o de agora, 80 estudantes internacionais xa fixeron a súa presinscrición.

Finalmente, dáse conta de que xa está dispoñible a nova páxina web de UDC Internacional, que agrupa e dá visibilidade a todos os programas e oportunidades no eido internacional que a UDC ofrece, actuando como punto de información para a nosa comunidade universitaria e mais para os estudantes, investigadores, profesores e persoal de administración e servizos internacionais que desexen integrarse neles.

O **secretario xeral** informa da convocatoria, o pasado día 7 de abril, das eleccións a representantes de estudantes no Consello de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento da UDC. Hoxe pecha o prazo de presentación de candidaturas. A votación, que será electrónica, realizarase o vindeiro día 20 de maio. Toda a información sobre o proceso electoral está na web da UDC.

Tamén comenta a vindeira convocatoria dun pequeno proceso electoral para escoller representantes de institutos universitarios no Consello de Goberno, unha vez esgotado o mandato de catro anos do actual representante, José Manuel Sobrino Heredia, e foron xa renovadas as direccións dos institutos.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, de que tal e como se comunicara á comunidade universitaria o pasado día 1 de abril, o 2 de abril seguinte tivo lugar a reunión solicitada pola UDC á Dirección Xeral de Orzamentos e Planificación da Xunta de Galicia para tratar a devolución por parte da Administración autonómica dos fondos detraídos do financiamento da Universidade en 2012 con motivo da supresión da paga extraordinaria do mes de decembro do dito ano, a todo o persoal universitario, conforme ao disposto no Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e do fomento da competitividade.

Nesta reunión, en que tamén estiveron presentes as direccións xerais de Asesoría Xurídica e de Función Pública, expúxose pola UDC que con motivo da sentenza ditada o 22 de novembro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, que reconece o dereito dun profesor funcionario desta universidade ao pagamento da parte proporcional da paga extraordinaria devindicada entre o 1 de xuño e o 14 de xullo de 2012, varios funcionarios da UDC (PAS e PDI) solicitaron en xaneiro de 2014 a extensión de efectos desta sentenza, xa firme, ao abeiro do disposto no artigo 110.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da



xurisdición contencioso-administrativa. O Xulgado contencioso número 3, con data 19 de marzo, acolleu ambas as solicitudes de extensión de efectos, con imposición de costas á Universidade, ratificadas por novos autos deste xulgado ditados recentemente con data 11 de abril actual.

Ante estes últimos e recentes pronunciamentos xudiciais solicitouse novamente e con carácter de urxencia unha nova reunión á Xunta de Galicia para presentar a reclamación da devolución das cantidades que, detraídas do financiamento da Universidade en 2012, serían precisas para poder acordar a devolución da parte proporcional da paga extraordinaria devindicada a que se fixo referencia, sen que sexa necesario solicitar xudicialmente por cada empregado universitario a extensión de efectos da sentenza referida.

Informar, en segundo lugar, de que en execución da sentenza ditada o 21 de febreiro de 2014 pola sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e en que se declara a nulidade dos correspondentes despedimentos, acordouse a readmisión das técnicas de Orientación Laboral -grupo 1- María Pilar Feal Rodríguez e Ana Beatriz Rivera Cores no SAEE-Ferrol con efectos do 14 de abril actual.

O xerente informa, por último, da constitución da Xunta de Persoal do PAS, unha vez realizado o proceso electoral de renovación dos seus membros como consecuencia do proceso de funcionarización do persoal laboral.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de marzo

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de marzo.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en seis (6) convenios marco, dez convenios específicos (10), e cen convenios para prácticas (100) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.



A listaxe apróbase por asentimento.

4. Regulamento do CITEEC

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen, en primeiro lugar, solicita desculpas polo erro na remisión do Anexo I do Regulamento, en que se relacionan os laboratorios integrados no CITEEC.

A seguir, o vicerreitor explica as razóns da proposta deste regulamento interno do CITEEC, que foi elaborado pola comisión de usuarios do CITEEC e revisado pola Secretaría Xeral.

Tras a anterior exposición, apróbase o regulamento por asentimento e incorpórase como **Anexo IV** á presente acta.

Ernesto Vázquez-Rey Farto solicita que, cando se produza unha omisión de documentación, se achegue o propio ficheiro informático no correo que dea conta da modificación da documentación no repositorio documental da UDC.

5. Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen explica os principais aspectos do calendario proposto pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento da UDC.

Tras a explicación das principais razóns da proposta, e sen ningunha intervención, apróbase o calendario e incorpórase a documentación como **Anexo V**.

6. Calendario de modificacións e novas propostas de títulos de grao e mestrado

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para explicar o calendario. Di que vén cun certo atraso, causado pola existencia dun borrador de real decreto que obrigaría a adiantar os trámites de presentación de propostas para o curso 2015-2016. Estivo negociándose coa Xunta, pero sen grandes resultados, polo que se adiantan un mes os prazos para cumprir a normativa no caso de que o real decreto se aprobe. Tamén se fai fincapé desde a Xunta na importancia da memoria



xustificativa, que debe ser máis rigorosa, o que obriga a traballar con máis axilidade nestas fases previas. De aí a comprensión de datas.

O profesor Moisés Canle pregunta se hai novidades sobre a implantación dos títulos que estaban previstos para o curso 2014-2015 e que están pendentes de verificación. O vicerreitor replica que nestes momentos se están a reunir os comités, e a ACSUG comprometeuse a finalizar este traballo de verificación antes do verán. Todos os títulos, agás o de didácticas específicas, lembra o vicerreitor, teñen informe previo favorable, e agarda que o de didácticas específicas tamén o teña.

Tras o debate anterior, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **Anexo VI**.

7. Acordo sobre implantación dun sistema de admisión adicional para o acceso ao sistema universitario de Galicia dos estudantes de títulos superiores de formación profesional e dos estudantes procedentes doutros sistemas educativos

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón que este acordo ten a súa orixe nun borrador de real decreto que desenvolve a LOMCE. A Xunta está a traballar nun decreto complementar e solicitou que, para paliar os posibles efectos negativos desta implantación, as tres universidades acordasen articular axeitadamente a aplicación da LOMCE na nosa comunidade, no referente aos sistemas de admisión para o acceso ao SUG.

Rosa Meijide pregunta se se trata dun acordo transitorio. O reitor explica que se trata de acordar as mesmas formulacións para articular ou adaptar o acceso destes estudantes, á vista dos borradores do decreto que se foron coñecendo.

Inés Pernas solicita corrixir unha gralla na páxina 3, punto primeiro a): onde di “títulos” debe dicir “título”. Así se acorda polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

8. Límite de prazos de cursos ponte para o curso 2014-2015



Como todos os anos, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón as propostas de límites de prazas de cursos ponte para o vindeiro curso.

Tras as anteriores intervencións, apróbase o punto por asentimento e incorpórase á acta como **Anexo VIII**

9. Modificación da normativa académica

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías solicita a aprobación da modificación da normativa académica nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4, do artigo 2º, da Normativa reguladora da matrícula e da defensa do traballo de fin de grao (TFG) e do traballo de fin de mestrado universitario (TFM), así como os puntos 3, 4 e 5, do artigo 20º das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.

Ten como obxectivo flexibilizar a presentación dos TFM e TFG o máximo posible.

Tras as anteriores intervencións, apróbanse por asentimento os calendarios propostos e incorpóranse ao **Anexo IX**.

10. Autorización de títulos propios de posgrao

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías solicita a autorización para o título propio de Posgrao en Mediación (curso de formación específica en posgrao). Trátase dun título que ten certa présa na súa implantación, polo que a Comisión de Títulos Propios de Posgrao acordou que se fosen remitindo ao Consello de Goberno en canto estivesen tramitadas as propostas.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo X**

11. Proposta de cambio de área de coñecemento

O vicerreitor de profesorado e planificación docente solicita a aprobación do cambio de área de coñecemento do profesor Oscar Pedrós Fernández, profesor axudante doutor da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio, que pasaría a integrarse na Área de Proxectos Arquitectónicos, dentro do mesmo Departamento de Construcións Arquitectónicas.



O cambio ten informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XI** á presente acta.

12. Proposta de nova adscrición de áreas funcionais nunha materia de Formación Básica

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización para adscribir a materia 710G01005 Fundamentos de Teoría e Xestión da Información (grao en Humanidades e grao en Información e Documentación) ás seguintes áreas (introdúcese unha nova área, a de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial):

- 1º A040 Biblioteconomía e Documentación
- 2º A450 Historia Contemporánea
- 3º A490 Historia Moderna
- 4º A575 Lingüística Xeral
- 5º A075 Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo XII**

13. Proposta de Normativa do procedemento para a selección de PDI interino e laboral contratado temporal

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente comenta esta normativa. Anteriormente, toda a normativa estaba nunha única norma. Porén, propúxose na negociación desta normativa que se segregasen dúas normas distintas, unha para contratado temporal, e outra para contratado doutor (laboral permanente). Así se propón ao Consello de Goberno.

O vicerreitor explica as modificacións que introduce a normativa: punto 2.1 (especificación de titulacións); que non transcorran máis de oito anos desde que se rematou a titulación; 8.1. esixencia dun informe do representante sindical.

O vicerreitor explica tamén sucintamente o baremo de criterios de valoración, ben como as ponderacións de cada figura.

En canto ao procedemento, o vicerreitor explica que se negociou intensamente cos representantes presentes na mesa sindical, co Comité de Empresa e na COAP e que se achegaron as súas posturas. Agradece o



traballo feito por todos, e tamén polos directores de departamento e de centros que achegaron as súas suxestións a este documento.

O profesor Luis Castedo chama a atención sobre dúas figuras: contratado doutor interino e profesor titular interino. Pregunta sobre as características xurídicas e restricións destas prazas. Engade a continuación un comentario sobre os procesos electorais en que se acostuma contribuír economicamente ás agrupacións electorais que sustentan candidaturas a reitor. Preocúpalle que o pagamento de diñeiro a agrupacións electorais poida ser a cambio de algo.

Ana Iglesias dálle os parabéns ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente polo esforzo e polo traballo rigoroso realizado con estas normas, así como polo bo traballo negociador. Estima que a norma vai servir para tramitar moito mellor os procesos selectivos.

Anxo Calvo súmase á anterior intervención. Respecto da intervención do profesor Castedo, considera que non se pode establecer unha causa efecto entre as achegas a unha campaña electoral e as renovacións de postos de traballo.

Moisés Canle intervén para protestar polas insinuacións do profesor Castedo, que considera absolutamente improcedentes.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente comenta que a maioría das universidades que queren estabilizar axudantes doutores van pola vía do contratado doutor interino, como figura laboral temporal previa á cobertura definitiva do posto laboral, polo que se acordou tamén introducir esta figura na nosa Universidade.

Rosa Meijide detecta que algunhas das áreas do seu departamento non teñen recollidas áreas afíns. O reitor aclara que se trata da mesma listaxe que a normativa anterior de 2004, que é a que saíu no BOE para as probas de habilitación a TU e CU.

Feitas as anteriores intervencións, apróbase a normativa por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo XIII**.



14. Proposta de Normativa do procedemento para a selección de PDI contratado doutor

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita tamén a aprobación desta normativa, agora para os contratos laborais permanentes, que non recolle modificacións substanciais, agás o previsto no punto 8.14 (“traballo orixinal e inédito”: suprimiuse “inédito”).

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XIV**.

15. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Manuel Casteleiro pregunta se os estudantes teñen acceso ao repositorio documental, para poder utilizar esta ferramenta tamén nas convocatorias de consellos de departamento e xuntas de centro. O vicerreitor replica que se está traballando para que os representantes de estudantes teñan acceso directo aos repositorio institucionais dos departamentos e dos centros, para evitar os correos electrónicos con moita documentación dos órganos colexiados.

Luis Castedo pregunta sobre a modificación da dedicación do PDI.

Miguel Muñoz súmase tamén á pregunta de Luis Castedo, especialmente á vista do comunicado de FETE-UXT.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente comenta que, tras a Lei de orzamentos da Xunta para 2014, a Xunta deunos ás universidades unha moratoria para nos adaptar ao establecido polo artigo 68 LOU, tras a modificación de 2012. Fíxose un borrador de traballo, unha de cuxas alegacións foi a enviada por FETE-UXT, que vai ser contestada pola Asesoría Xurídica por implicar aspectos de discutible legalidade. Estase a traballar nese borrador, que virá ao Consello de Goberno cando estea preparado.

A profesora Sonia Souto pregunta sobre a supresión da partida que hai na biblioteca para departamentos. A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas indica que xa se comentou en decembro que se centralizaron as partidas nos centros docentes para lograr unha mellor racionalización do gasto, fundamentalmente a través das comisións de biblioteca de cada centro.



Ernesto Vázquez-Rey Farto dálle os parabéns á vicerreitora sobre a tenda virtual de produtos corporativos, e pregunta se se vai aumentar a carteira de produtos. Pregunta a continuación se se vai contestar un recurso de alzada presentado por varios estudantes sobre o reintegro da contía de bolsas do mestrado de profesorado. A vicerreitora replica que a intención é ir incorporando paulatinamente máis material corporativo, para explotar a marca e lograr así captar ingresos. Sobre os reintegros, toma nota dos casos concretos para poder facer un seguimento máis particularizado.

Nuria Vieira pregunta sobre a acción social: que cantidade se vai reservar para o ano que vén? Sobre o reintegro da paga extra, pregunta se se vai buscar outra alternativa para evitar a xudicialización e as costas correspondentes das extensións de efectos. Insiste sobre os movementos que se están producindo no persoal sen informar a Xunta de Persoal e sen xustificación.

O xerente replica que a mesa de acción social vai ser convocada nos vindeiros días para dar continuidade aos seus traballos e poder precisar a cantidade da acción social para 2015. Sobre o reintegro da paga extra, o xerente insiste en que non nos convén orzamentariamente a xudicialización das reclamacións de extensión de efectos e que o equipo de goberno está esgotando as posibilidades de negociación de reintegro da cantidade pola propia Xunta, antes de adoptar medidas de xudicialización do reintegro. Sobre a mobilidade de persoal, non lle constan máis que cambios de quenda e comisión de servizos.

Xosé Portela, a respecto do comunicado que vai ler o reitor, considera que o PAS defende calquera proposta que vaia contra os recortes nas universidades, mais defende que non chegan os comunicados, que hai que dar pasos adiante, e desenvolver unha acción máis contundente. Por iso, adianta que se vai convocar unha acción mobilizadora o día 6, coincidindo co Claustro universitario. A continuación, denuncia o que considera prácticas de malgasto do diñeiro da UDC: os despedimentos nulos do SAE de Ferrol e o reintegro ao Ministerio do proxecto de investigación Peixe Verde.

Sobre esta intervención, o xerente argumenta as razóns que, ao seu xuízo, impiden que as cousas comentadas por Xosé Portela poidan ser cualificadas como malgasto. Todas as administracións colaboran entre si mediante fórmulas finalistas de financiamento de programas concretos, do mesmo xeito que os investigadores, algunhas veces, cometen erros na xestión que,



pola política especialmente estrita da Intervención Xeral do Estado, dan lugar a reintegros dos que a institución debe responsabilizarse. Sobre as prazas de PAS impugnadas pola avogacía do Estado, permanecen cubertas interinamente até que se resolva a impugnación contencioso-administrativa.

Solicita intervir tamén o vicerreitor de Investigación e Transferencia e o profesor Daniel Pena, como investigador principal do proxecto Peixe Verde, para explicar os avatares da súa execución, e recalcar que en ningún momento se fixo nada ilegal.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:53 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito